



## *Solidariedade coa Industria Auxiliar* **NON ÁS LISTAS NEGRAS !!!**

Manuel Balber e Jesús Galván, dirixentes sindicais da Industria Auxiliar da baía de Cádiz, levan xa **máis dunha semana** encerrados nun guindastre da factoría de San Fernando en contra das **listas negras**.

Por suposto, Navantia nega a existencia de tales listas. E infelizmente, o comité intercentros faille os coros no seu vergoñento comunicado de onte, que parece escrito por RRHH.

Para empezar, o intercentros fai unha amalgama entre a reivindicación de fin das listas negras e as prazas de ingreso en Navantia, para inducir a pensar que os compañeiros piden algún tipo de enchufe ou privilexio.

E para continuar, di que non teñen constancia de prácticas discriminatorias de Navantia contra persoas que desenvolven ou desenvolveron labor sindical. Lóxico, se lle dis "si, bwana", a empresa estará sempre encantada contigo.

Pero si hai represalias contra traballadores que se atreveron a pedir os seus dereitos. E hai **probos**.

Estes son as ligazóns a algunhas novas onde fica claro as represalias contra un grupo de traballadores da IA de Cartagena que denunciou por prestamismo laboral:

[Un juez dice que Navantia tomó "represalias" contra siete trabajadores subcontractados | Público](#)

[Los siete de Navantia: un juez falla contra el gigante público por hostigar a ingenieros](#)

[Navantia despide a un empleado en su primer día como indefinido no fijo | La Verdad](#)

**Si hai represalias, si hai listas negras.** E representan unha **agresión total** contra o dereito dos traballador@s a organizarnos para defender os nosos intereses de clase. **Temos que dar unha resposta.**



Por iso, tras propoñelo sen éxito no seo do comité de empresa, a **CGT** convoca unha **concentración de solidariedade con Manuel e Jesús, e contra as listas negras ou calquera outra represalia contra os compañeir@s da Industria Auxiliar que loitan por unhas condicións laborais dignas.**

E se, antes da concentración, Navantia decidise actuar polas bravas, manteremos igualmente a convocatoria tamén como protesta contra a actuación **antisindical** da empresa.

Ademais, na asemblea xeral da principal do xoves 15 a **CGT** vai propoñer que se someta a votación a realización dun paro en apoio da desaparición das listas negras.

**NON ÁS LISTAS NEGRAS!**  
**DEFENDER OS NOSOS DEREITOS NON É DELITO!**

# **CONCENTRACIÓN**

**Mércores 15 ás 10:00 na porta principal**